

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA  
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

# ANTROPOLOXÍA

Jordi Roca Girona



2023  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo



# ANTROPOLOXÍA

Jordi Roca Girona

2023  
Universidade da Coruña  
Universidade de Santiago de Compostela  
Universidade de Vigo

# GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero  
da Xarxa Vives d'Universitats

**Elena VILLATORO BOAN**, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación da Vida Laboral e Familiar, Universitat Abat Oliba CEU • **M. José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universitat d'Alacant • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora do Reitorado en Internacionalización e Relacións Institucionais, Universitat d'Andorra • **Maria PRATS FERRET**, directora do Observatorio para a Igualdade, Universitat Autònoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat CEU Cardenal Herrera • **Anna Maria PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universitat de Girona • **Esperanza BOSCH FIOL**, directora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universitat de les Illes Balears • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universitat Internacional de Catalunya • **Mercedes ALCÁÑIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universitat de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Miguel Hernández d'Elx • **María OLIVELLA QUINTANA**, coordinadora da Unidade de Igualdade, Universitat Oberta de Catalunya • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universitat de Perpinyà Via Domitia • **Silvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universitat Politècnica de Catalunya • **María Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universitat Politècnica de València • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de Relacións Internacionais e Estudantes, Universitat Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universitat Rovira i Virgili • **Amparo MAÑÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de València • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universitat de Vic-Universitat Central de Catalunya

## Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal  
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,  
Universidade de Vigo, desta edición

### Tradución

Traducciones Sprint

### Edición técnica

Edicións USC

Universidade de Santiago de Compostela  
Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

[usc.gal/publicacions](https://usc.gal/publicacions)

### Deseño e maquetación

José María Gairí

### Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

# •• ÍNDICE

<b>Presentación</b> .....	6
Artes e Humanidades.....	8
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	8
Ciencias.....	8
Ciencias da Vida.....	8
Enxeñarías e Arquitectura.....	9
<b>01. Introducción</b> .....	10
<b>02. A cegueira de xénero e as súas implicacións</b> .....	12
<b>03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia</b> .....	14
<b>04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na antropoloxía</b> .....	18
Xénero e Sexualidade.....	18
DESCRICIÓN.....	18
OBXECTIVOS.....	19
CONTIDOS.....	19
Antropoloxía do Parentesco.....	21
DESCRICIÓN.....	21
OBXECTIVOS.....	21
CONTIDOS.....	22
Antropoloxía do Corpo, os Sentidos e as Emocións.....	23
DESCRICIÓN.....	23
CONTIDOS.....	24
Avaliación.....	24
Modalidades organizativas das dinámicas docentes.....	26
Métodos docentes.....	27

<b>05. Recursos docentes específicos para incorporar a perspectiva de xénero.....</b>	<b>29</b>
4.1 Recursos audiovisuais etnográficos-antropolóxicos sobre xénero.....	31
LGTBIQ.....	31
MEN'S STUDIES.....	32
WOMEN'S STUDIES.....	33
<b>06. Ensinar a facer investigación sensible ao xénero.....</b>	<b>36</b>
<b>07. Recursos pedagóxicos.....</b>	<b>43</b>
Webgrafía.....	43
ASOCIACIÓNS.....	43
REFERENCIAS AUDIOVISUAIS E DOCUMENTAIS.....	43
FILMES.....	45
Ligazóns a guías docentes de materias de xénero nos graos de Antropoloxía impartidos en España.....	46
UNIVERSITAT DE BARCELONA.....	46
UNIVERSITAT AUTÒNOMA DE BARCELONA.....	46
UNIVERSITAT ROVIRA I VIRGILI – UNIVERSITAT OBERTA DE CATALUNYA.....	46
UNIVERSIDAD NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA.....	46
UNIVERSIDAD COMPLUTENSE DE MADRID.....	46
UNIVERSIDAD AUTÓNOMA DE MADRID.....	47
UNIVERSIDAD DE GRANADA.....	47
UNIVERSIDAD DE LA LAGUNA.....	47
EUSKAL HERRIKO UNIBERTSITATEA.....	47
UNIVERSIDAD DE SEVILLA.....	47

<b>08. Simposios relacionados cos estudos de xénero dos congresos da faaee</b> .....	48
Bibliografía sobre xénero e antropoloxía.....	49
<b>09. Para profundar</b> .....	54
Bibliografía citada e de referencia.....	54

## •• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? No eido universitario, a perspectiva de xénero ou *gender mainstreaming* é unha política integral de promoción da igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, que son todas áreas afectadas por distintos nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en consideración as características, as necesidades e os intereses tanto das mulleres como dos homes, e discirnan os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da femineidade e a masculinidade (xéneros) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives d'Universitats [Rede Vives de Universidades (XVU)] promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, sobre todo no ámbito de acción da perspectiva de xénero. Cómpre lembrar que as políticas que non teñen en conta eses roles e esas necesidades diversas e que, daquela, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, mediante a que lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, achegándolle fontes de referencia e autoridade académica co fin de fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia do coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta varios beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha banda, ao profundar na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, xa teóricas, xa empíricas, que se producen ao partir do home como referente universal ou ao non ter en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes.



Xa que logo, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, as tecnoloxías e as innovacións (re)producidos. Doutra banda, fornecer o alumnado de ferramentas novas para identificar os estereotipos, as normas e os roles sociais de xénero contribúe a desenvolver un espírito crítico de seu e a adquirir competencias que lle permiten evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas para garantir a atención á diversidade de estudantes.

O documento que ten nas mans é froito do plan de traballo do Grupo de Traballo en Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero na docencia e a investigación universitarias. O informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les universitats de la Xarxa Vives. Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), confirmou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria aínda é un desafío pendente, malia o marco normativo vixente a nivel estatal, europeo e dos territorios da XVU.

Un dos retos principais que se identificou no informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao é a necesidade de formar o profesorado nesa competencia. Nesa liña, sinálase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden ao profesorado a impartir unha docencia sensible ao xénero.

Por esta razón, o GT en Igualdade de Xénero da XVU acordou desenvolver a colección *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero*, coordinada, na primeira fase, por Teresa Cabruja Ubach (Universitat de Girona), M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Tània Verge Mestre (Universitat Pompeu Fabra) e, na segunda fase, por M. José Rodríguez Jaume (Universitat d'Alacant) e Maria Olivella Quintana (Universitat Oberta de Catalunya).

Ata o de agora, elaboráronse en total dezasete guías, once na primeira fase e seis na segunda, redactadas por profesorado de varias universidades experto na aplicación da perspectiva de xénero en cadansúa disciplina:

### Artes e Humanidades

**Antropoloxía:** Jordi Roca Girona (Universitat Rovira i Virgili)

**Filoloxía e Lingüística:** Montserrat Ribas Bisbal (Universitat Pompeu Fabra)

**Filosofía:** Sonia Reverter-Bañón (Universitat Jaume I)

**Historia:** Mónica Moreno Seco (Universitat d'Alacant)

**Historia da Arte:** M. Lluïsa Faxedas Brujats (Universitat de Girona)

### Ciencias Sociais e Xurídicas

**Comunicación:** María Forga Martel (Universitat de Vic – Universitat Central de Catalunya)

**Dereito e Criminoloxía:** M. Concepción Torres Díaz (Universitat d'Alacant)

**Socioloxía, Economía e Ciencia Política:** Rosa M. Ortiz Monera e Anna M. Morero Beltrán (Universitat de Barcelona)

**Educación e Pedagogía:** Montserrat Rifà Valls (Universitat Autònoma de Barcelona)

### Ciencias

**Física:** Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

**Matemáticas:** Irene Epifanio López (Universitat Jaume I)

### Ciencias da Vida

**Enfermaría:** M. Assumpta Rigol Cuadra e Dolors Rodríguez Martín (Universitat de Barcelona)

**Medicina:** M. Teresa Ruiz Cantero (Universitat d'Alacant)

**Psicoloxía:** Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universitat de les Illes Balears)

## Enxeñarías e Arquitectura

**Arquitectura:** María-Elia Gutiérrez-Mozo, Ana Gilsanz-Díaz, Carlos Barberá-Pastor e José Parra-Martínez (Universitat d'Alacant)

**Ciencias da Computación:** Paloma Moreda Pozo (Universitat d'Alacant)

**Enxeñaría Industrial:** Elisabet Mas de les Valls Ortiz e Marta Peña Carrera (Universitat Politècnica de Catalunya)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias que se imparten non supón máis ca reflexionar verbo dos diferentes elementos que configuran o proceso de ensinanza-aprendizaxe, partindo do sexo e o xénero como variables analíticas chave. Para poder revisar as súas materias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atopará recomendacións e indicacións que inclúen todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, linguaxe e exemplos empregados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. No fin de contas, incorporar o principio de igualdade de xénero non é soamente unha cuestión de xustiza social, senón tamén de calidade da docencia.

M. José Rodríguez Jaume e Maria Olivella Quintana,  
coordinadoras

## •• 01. Introducción

A guía para incorporar a perspectiva de xénero nos estudos de antropoloxía, feita polo profesor Jordi Roca Girona da Universitat Rovira i Virgili, asume dous elementos como punto de partida, ou xerais, que determinan o senlleira que é esta proposta. En primeiro lugar, a natureza subversora dunha disciplina ideográfica que prevé entre os seus fins o estudo e o coñecemento da alteridade e que, en consecuencia, contribuíu ás rupturas epistemolóxicas máis sobranceiras das últimas décadas nas Ciencias Sociais: a ruptura coa identificación sexo/xénero, a ruptura co binarismo de xénero, a ruptura coa dualidade sexual e a ruptura coa heteronormatividade. O segundo elemento remítenos á comparación intercultural (sincrónica e diacrónica) como unha metodoloxía docente crítica que, en coherencia coa epistemoloxía feminista, permite, primeiro, deconstruír os binarismos, as dicotomías e as narrativas que presentan as categorías de xénero e identidade como fixas, universais, naturais e estables e, logo, construír unha proposta de acción formativa universitaria contrahexemónica para a transformación social das relacións e as desigualdades de xénero.

Mediante o exemplo das materias de Xénero e Sexualidade, Antropoloxía do Parentesco e Antropoloxía do Corpo, os Sentidos e as Emocións, a *Guía* mostra o carácter performativo da práctica docente, ao percorrer un por un os elementos sobre os que se define o proceso de ensinanza-aprendizaxe nas aulas —competencias, obxectivos, contidos, avaliación, recursos docentes, modalidades organizativas e métodos docentes— cun dobre propósito: dunha banda, reflexionar e expor (deconstruír) os posibles negos de xénero que de maneira encuberta introduce a docencia universitaria cega ao xénero, xa no currículo formal, xa no oculto; e doutra, suxerir algunhas propostas para incluír a perspectiva de xénero de forma transversal, é dicir, levar a cabo unha docencia universitaria sensible ao xénero. Do mesmo xeito, a *Guía* adica un apartado para introducir o alumnado na investigación antropolóxica con perspectiva de xénero. A metodoloxía cualitativa, que se desenvolve a través do diario de campo, a observación

ou a entrevista, entre outros, achega o alumnado ao marco comprensivo da experiencia subalterna ou nas marxes e á produción de coñecemento situado co que deconstruír as formulacións androcéntricas e coloniais da investigación.

## •• 02. A cegueira de xénero e as súas implicacións

Malia a potencial vantaxe da natureza epistemolóxica da antropoloxía para pór en práctica unha ciencia sensible á incorporación da perspectiva de xénero, a realidade demóstranos que a antropoloxía, coma estoutras ciencias, ten un pasado claramente androcéntrico. Esta perspectiva só masculina, desenvolvida case sempre por homes, dominou a investigación antropolóxica desde os seus inicios, na segunda metade do século XIX, ata os anos 70 do século XX.

A antropoloxía achega unha serie de recursos que permiten establecer, por unha banda, o carácter construído do xénero e, por outra, a súa versatilidade e flexibilidade. De aí o carácter subversor da súa proposta — no sentido etimolóxico de *subvertere*, isto é, de pór o que está embaixo, o que non se ve, enriba, e facelo visible—, ao evidenciar o que se dá por suposto, para desenmascarar as presuntas determinacións de xénero e amosar a posibilidade e a capacidade humanas para facer e desfacer. Como apuntou Thuria (1993: 101), o número de xéneros dunha sociedade e os criterios para os distinguir; os aspectos da vida social que se organizan a partir do xénero e cales son neutrais verbo deste; e para que ideas culturais se recorre ao xénero varía e hai que describilo segundo o caso concreto, en termos de procesos e prácticas e non como entidades estáticas. Conway, Bourque e Scott (1996) sinalan que as fronteiras ou as definicións de xénero son móbiles e negociables, porque se estableceron ao servizo de certas funcións e, daquela, han de ser funcionais e ter a capacidade de se adaptar ás dinámicas das sociedades. Xa que logo, son fronteiras difusas, porosas e variables no tempo e no espazo. A antropoloxía volveuse unha ciencia fundamental para comprender a plasticidade do «xénero», pois proporciona información empírica sobre sociedades que recoñecen máis de dous sexos e máis de dous xéneros, ou que non definen a homosexualidade ou a heterosexualidade do mesmo xeito ca as sociedades euroamericanas contemporáneas.

A capacidade subversora, relativista, particularista e comparativa da antropoloxía contribuíu en boa medida a un conxunto de rupturas conceptuais con respecto ao concepto de xénero (véxase Martín, 2006: 68): a ruptura coa identificación sexo/xénero —a etnografía demostra que non existen calidades innatas e universais aplicables a mulleres e homes en todas as culturas—; a ruptura coa dualidade xenérica —por mimetismo co sexo, o xénero construíuse ao primeiro de maneira binaria, mais a realidade empírica transcultural desdixo axiña esta dualidade; a ruptura coa dualidade sexual —ou a constatación de que o sexo non é só biolóxico, senón tamén social, é dicir, construído; e, á fin, a ruptura da heteronormatividade —ou a visibilización de prácticas e orientacións sexuais alén da norma heterosexual—.

## •• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

Como recolle o *Marco general para la incorporación de la perspectiva de género en la docencia universitaria* (AQU, 2018: 13), unha docencia con perspectiva de xénero «considera o sexo e o xénero como variables analíticas e explicativas chave. Implica reparar nas semellanzas e as diferenzas nas experiencias, os intereses, as expectativas, as actitudes e os comportamentos das mulleres e os homes, así como identificar as causas e as consecuencias da desigualdade de xénero para poder combatela».

A antropoloxía é unha disciplina idiosincrática para abordar a perspectiva de xénero e incorporala á docencia. Entre as características que se indican para explicar o seu nacemento e a particularidade da súa mirada, adóitase facer referencia a que se trata dunha disciplina enfocada no estudo e o coñecemento da alteridade. Namentres a ciencia en xeral sufriu un enfoque androcéntrico, ocuparse de descubrir e pensar a diferenza, como o fai a antropoloxía, supón unha revolución epistemolóxica. Isto permite enfrontarse a calquera tipo de perspectiva etnocéntrica que rexeite a diversidade, incluída a de xénero, ou que a teña en consideración en termos moi xerárquicos. Ademais, faino mediante o uso dunha metodoloxía comparativa, que se aplica a culturas e grupos sociais diversos, cunha potencia pedagóxica e reveladora enorme.

A comparación intercultural é unha ferramenta idónea para probar o carácter construído da realidade social e, neste caso, das identidades de xénero. A antropoloxía, nun contexto docente, resulta indispensable para pór ao alcance do alumnado toda a información que demostra que as definicións, os papeis e os roles de xénero e os sistemas de xénero non son os mesmos en todas as culturas nin permanecen invariables nunha mesma cultura co paso do tempo. A exposición desta diversidade sincrónica e diacrónica constitúe unha vacina contra as nocións universalistas e ahistóricas e o esencialismo presente na naturalización das diferenzas e permite



amosar, asemade, a variabilidade cultural na definición do xénero e contextualizar histórica e socioculturalmente os sistemas resultantes, onde se manifesta a existencia de varios sexos, varios xéneros e varias definicións de xénero, todo combinado de numerosas maneiras. De certo, unha perspectiva cultural comparativa (de)móstranos que o sexo e o xénero non son necesaria nin universalmente entendidos como idénticos nin limitados á oposición masculino/feminino, que a construción social da identidade de xénero é independente da orientación social e que todo isto constitúe un proceso dinámico.

Un exemplo magnífico, e dunha gran potencia pedagóxica, para explicar a diferenza sexo/xénero —co valor engadido de que se sitúa nun momento no que esta distinción conceptual aínda non se establecera— é a obra de Margaret Mead, sobre todo, un dos seus libros máis coñecidos: *Sexo y temperamento en tres sociedades primitivas* (1990 [1935]). O libro abrangue o traballo de campo de Mead en Nova Guinea entre tres sociedades desemeillantes: a Arapesh, na que atopa que mulleres e homes son culturalmente femininos, segundo os patróns occidentais da época, xa que se comportan «con reaccións paternais e amorosas»; a Mundugumor, na que, de novo, apenas existía diferenza entre mulleres e homes canto aos papeis sociais, mais neste caso o patrón de comportamento sería equivalente ao masculino occidental, «educando con brutalidade»; e a Txambulí, na que homes e mulleres presentan patróns de comportamentos disímiles, que se asemellan bastante aos patróns occidentais daquel entón pero «invertidos», cuns homes que «reparan moito no seu aspecto, adoitan encargarse do coidado de nenas e nenos, son responsables da compra», e unhas mulleres que son «afoutas, enérxicas, decididas, organizadoras e provedoras». O propósito de Mead, como ela sinalou, era descubrir en que medida as diferenzas temperamentais entre os sexos eran innatas ou ata que punto estaban determinadas culturalmente, cunha énfase moi notoria nos mecanismos educacionais e as súas conexións con estas diferenzas.

Na mesma liña, e co engadido de visibilizar o traballo de mulleres representantes na disciplina —neste caso, ademais, moito menos coñeci-

das ca Margaret Mead—, pódense empregar os traballos case coevos e pioneiros de Phyllis M. Kaberry e Mary F. Smith. A primeira, a partir do seu traballo sobre poboación nativa do norte de Australia, desafiou a convicción establecida de que as mulleres orixinarias non desempeñaban ningún papel ritual de relevancia, pois no seu traballo etnográfico mostra a interdependencia das relacións entre mulleres e homes. No que concirne a M. Smith, cabe dicir que é autora da afamada biografía *Baba of Karo, A Woman of the Muslim Hausa* (1954), resultado do seu acceso ao mundo doméstico feminino do norte de Nixeria, onde a protagonista, unha muller maior Hausa que se chama Babo, conta a súa vida no marco da sociedade patrilineal Hausa, con referencias á vida doméstica, os matrimonios polixínicos, as relacións de parentesco etc.

Con todo, o foco fundamental na diversidade non debe facernos esquecer a presenza de regularidades dentro das diferenzas, como o recurso case xeneralizado de todas as sociedades de crear e establecer disparidades de xénero e de dotalas dun contido do que acostuma emerxer unha relación desigual entre elas. Hai algúns exemplos que permiten ilustrar estas regularidades posibles, que non absolutas, como o control da sexualidade das mulleres ou a súa subordinación. Porén —e este é un dos perigos de empregar o método comparativo que se debe vixiar—, cómpre precavese contra a tentación de realizar unha lectura presentista e etnocéntrica da alteridade cultural e, neste caso, das posibles ou potenciais regularidades de xénero.

O risco radica no feito de proxectar a lóxica do sistema de xénero vixente na nosa sociedade noutros sistemas de xénero. Por exemplo, no caso da mencionada subordinación «universal» das mulleres, desenvóléronse varias teorías desde a antropoloxía que ilustran ben este xeito de proceder. Sherry Ortner (1979), nunha publicación do 1974 moi controvertida, sostivo, por exemplo, que as mulleres sempre están asociadas con algo que as culturas desprezan, que non é outra cousa ca a natureza. A función reprodutora das mulleres vincularíase dunha maneira moito máis directa coa natureza, mentres que os homes quedarían asociados á cultura,

que gozaría dun prestixio maior; de aí viría a súa subordinación «universal». Nese ano, Michelle Rosaldo (1974) empregou unha dicotomía distinta cunhas pretensións explicativas semellantes: a esfera pública e a privada. Deseguida xurdiron unha serie de críticas a estas explicacións que se centraron, dunha banda, na revelación de datos empíricos que supuñan excepcións ás causalidades establecidas e que, polo tanto, invalidaban a súa pretendida universalidade; e, doutra, no nesgo etnocéntrico das teorías argumentadas, pois empregábanse conceptos occidentais que non se podían aplicar nun sentido análogo a outras culturas, o que se pode estender tamén a outras terminoloxías conceptuais, como a de produción e reprodución (véxase Thuris, 1992; Roca, 2005). Acontece algo parecido cando se aplican as estruturas de prestixio occidentais a sociedades cazadoras-recolectoras e se invisibiliza ou se menospreza a importancia da achega dos alimentos recollidos polas mulleres na dieta ou o gasto físico que comportan as actividades que elas realizan.

## •• 04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na antropoloxía

Actualmente, en España hai nove graos de Antropoloxía Social e Cultural e un de Antropoloxía e Evolución Humana. Todos teñen, ao menos, unha materia específica de Xénero (véxanse os títulos e as ligazóns correspondentes no apartado 7.2).

No plan de estudos do Grao en Antropoloxía da Universitat Rovira i Virgili-Universitat Oberta de Catalunya téñense en consideración as seguintes competencias que gardan unha relación directa co xénero:

- Identificar os mecanismos de construción da diferenza e a identidade, e das desigualdades vencelladas á etnicidade, a clase ou o xénero-sexo.
- Recoñecer a variabilidade transcultural e diacrónica das sociedades humanas, os sistemas económicos, de parentesco, de saúde, políticos, simbólicos e cognitivos, educativos e de xénero.

Presentarei aquí tres materias do plan de estudos; unha obrigatoria, Antropoloxía do Parentesco, e dúas optativas, Antropoloxía do Corpo, os Sentidos e as Emocións, e Xénero e Sexualidade.

### Xénero e Sexualidade

#### DESCRICIÓN

A materia procura ofrecer unha panorámica dos conceptos básicos ligados a ambos os dous ámbitos e dos enfoques principais que os abordaron. Presenta tamén os elementos fundamentais que os (des)estructuran; isto é, os alicerces da normatividade —dualismo de xénero, monogamia, heterossexualidade, amor romántico...— e as súas periferias subalternas. Incorporouse outrosí unha vía de desenvolvemento de tipo comparativo entre as sociedades «primitivas» e non occidentais e as occidentais, así como entre as distintas etapas de traxectoria vital das persoas. Todo isto co albo de

proporcionar unha visión introdutoria, ampla, diacrónica e interdisciplinaria nos eidos da sexualidade e o xénero e na súa interrelación.

### OBXECTIVOS

O obxectivo xeral da materia é expor unha panorámica dalgúns dos elementos principais que conforman o binomio xénero e sexualidade, tanto desde un punto de vista conceptual, como desde a súa estruturación nas diferentes sociedades humanas ao longo do tempo, a través dunha perspectiva transcultural e interdisciplinaria.

Os obxectivos específicos son:

- Coñecer os conceptos básicos referidos ao xénero e a sexualidade.
- Distinguir os enfoques primordiais no estudo do xénero e a sexualidade.
- Reflexionar sobre os fundamentos constitutivos da normatividade sexual e de xénero e as súas alternativas.
- Adquirir os coñecementos básicos das estruturas de xénero e da sexualidade nas distintas sociedades humanas ao longo do tempo.
- Obter unha visión transcultural da interrelación do xénero e a sexualidade durante o ciclo vital.

### CONTIDOS

Malia ser optativa, a materia correspondente ao Grao de Antropoloxía e Evolución Humana ten unha proposta e unha pretensión introdutorias. O obxectivo é fornecer o alumnado dun contacto inicial cos dous temas centrais da materia: o xénero e a sexualidade. O que tenta é, dunha banda, atinxir un esclarecemento e unha caracterización conceptuais suficientes e, doutra, unha contextualización, en termos de desenvolvemento histórico, dos eixes sinalados e das bases relevantes que permitan explicar e comprender a súa realidade e os seus trazos actuais.

Por iso, a primeira unidade presenta e traballa os conceptos de sexo e xénero, sexualidade, amor, reprodución, procreación etc. no marco analítico do binomio bioloxía-cultura.

A segunda unidade introduce brevemente o tratamento e as achegas fundamentais sobre o binomio xénero e sexualidade ao longo da historia da antropoloxía, pois coloca o foco en autoras ou temas concretos que teñen unha relevancia especial para explicar e comprender a perspectiva de xénero. Nese senso, abrangue cuestións como o debate verbo do matriarcado no marco do evolucionismo do século XIX e os modelos neoevolucionistas do home cazador e a muller recolectora; afonda na figura de Margaret Mead e as súas pescudas pioneiras sobre sexo e temperamento no contexto do particularismo histórico e a escola de Cultura e Personalidade; e revisa a figura de Malinowski e a súa contribución sobre «a vida sexual dos (sic) salvaxes». Así mesmo, percorre o desenvolvemento histórico das diversas antropoloxías enfocadas neste ámbito: da muller, do xénero, feminista, entre outras, así como varias incursións en eidos como a teoría *queer* e o estudo das masculinidades.

A terceira unidade expón e fixa os alicerces da normatividade sexo-amorosa e de xénero actual. Contén os elementos principais —heteronormatividade, monogamia, sexo procreador, ideoloxía amorosa romántica, división sexual do traballo etc.— cos consecuentes efectos «patoloxizantes» —homofobia, infidelidade, misoxinia, dominación patriarcal etc.— e as súas «transgresións» reais e potenciais —variedades non monogámicas e polisexuais, transexualidade, transxénero etc.—, así como a natureza do debate sobre as orixes da opresión das mulleres.

A cuarta unidade recolle as características do desenvolvemento histórico dos construtos sexo-xénero-afectivos. Nomeadamente, presenta os trazos desta tríade nas sociedades prehistóricas «primitivas» e non «occidentais» —os papeis de xénero nas sociedades cazadoras-recolectoras e agrícolas e gandeiras; uns petiscos con respecto á sexualidade e o xénero nos pobos indíxenas de África, América e Oceanía, e mais en territorios do chamado extremo oriente, como a India, China e Xapón, entre outros—.

A quinta unidade focalízase no occidente industrial-capitalista e a sociedade globalizada da actualidade. Profunda un anaco nas premisas ideolóxicas da tradición xudeocristiá e a revolución romántica e burguesa

e nas bases materiais proporcionadas polo modo de produción industrial e capitalista. Tamén achega as transformacións deste modelo e as súas prácticas hexemónicas, ao atender as formas novas de relación amorosa, as reestruturacións das relacións de xénero ou as novas «disidencias» sexuais, sen esquecer as permanencias e as continuidades en cadanseu campo.

A sexta e derradeira unidade aborda a sexualidade e o xénero en relación co ciclo de vida, reparando nas etapas «periféricas» da infancia, a adolescencia e a vellez.

## **Antropoloxía do Parentesco**

### **DESCRICIÓN**

Esta materia presenta as contribucións da antropoloxía do parentesco ao desenvolvemento científico da antropoloxía. O estudo do parentesco constituíu, abofé, unha subdisciplina dentro da antropoloxía, como ciencia capaz de interpretar a diversidade cultural, sobre todo nas etapas iniciais e de consolidación. O carácter universal —e diverso, asemade— do parentesco sitúao como unha das producións culturais cruciais que as antropólogas e os antropólogos han de ter en conta perante o desafío da interpretación cultural.

A materia revisa, ademais, os cambios máis importantes que tiveron lugar nos sistemas parentais contemporáneos e o impacto das transformacións sociais —políticas, económicas e culturais-tecnolóxicas— nas relacións de parella, de xénero e no exercicio da parentalidade e a crianza.

### **OBXECTIVOS**

- Identificar cal é o ámbito de parentesco, amais do xeito no que se construíu, como obxecto de estudo por parte da antropoloxía.
- Recoñecer no parentesco un sistema simbólico construído en cada cultura, pero tamén un sistema de símbolos que se proxecta sobre a sociedade e que, daquela, xera modelos e imaxes culturais.

- Coñecer as teorías fundamentais xeradas pola antropoloxía do parentesco.
- Entender o papel institucional, intersticial, das redes de parentes nas sociedades urbanas. As funcións asistenciais, de apoio reprodutivo, adoitan ser básicas para poder facer fronte ás condicións do sistema social occidental.
- Distinguir os usos que se dan á noción de familia e descubrir a diversidade conceptual que produciu a disciplina arredor desta cuestión.
- Analizar o marco ideolóxico no que se construíu o modelo cultural de familia en occidente.
- Comprender a relación estreita que se establece entre o sistema familiar e o sistema social para interpretar as mudanzas na familia contemporánea.
- Identificar a articulación entre o parentesco e o sistema de xénero e valorar as transformacións e as continuidades que teñen lugar na sociedade actual.
- Aprender a confeccionar cartas de parentesco e xenealoxías e a traballar con fontes orais e documentais para elaboralas.

### CONTIDOS

A materia estrutúrase en sete unidades. As dúas primeiras son de carácter teórico e abranguen a aparición da antropoloxía do parentesco, a súa bagaxe conceptual e as teorías clásicas verbo da filiación e a crianza. As tres seguintes tratan o parentesco nas cidades; as redes familiares e a sociedade urbana, os grupos domésticos, os patrimonios, as estratexias de reprodución, os cambios sociais e as formas novas de parentesco e de familia. A sexta unidade incorpora o tratamento do xénero en relación co parentesco e as políticas públicas, e, por último, a derradeira unidade ocúpase do método xenealóxico.



## Antropoloxía do Corpo, os Sentidos e as Emocións

### DESCRICIÓN

Recoméndase cursar esta materia após cursar as materias Comunicación e Cultura e Xénero e Sexualidade. A materia procura situar os nosos corpos, os sentidos e as emocións como suxeito e non só como obxecto da reflexión antropolóxica. Formula un percorrido que parte da idea de que non soamente temos corpo, senón que somos corpo. O corpo é central para a nosa definición persoal e social, pola nosa presentación e representación social. Todas as nosas relacións, mesmo as dixitais, se producen nun corpo e desde un: o noso.

Os nosos corpos están atravesados por relacións de poder que marcan e delimitan normas sobre as representacións culturais do corpo. Establecemos diferenzas entre corpos «sans» e «doentes», «normais» e «extraños», «estándares» e «grotescos». Os nosos corpos son parte de sistemas de clasificación e axencia social complexos, que teñen que ver coa «normalización», pero tamén coa «normativización».

Entre outros procesos, a nosa sociedade caracterízase por unha introdución cada vez maior das lóxicas mercantilistas e neoliberais en todas as expresións humanas. Ademais, estamos nun contexto cultural no que o sentido da vista, a visualidade, ten unha relevancia enorme. O predominio do visual e mais a conversión de todo nun ben de consumo —mercantili-zación— volveron os nosos corpos, as nosas emocións e os sentidos que os conectan co mundo un territorio de consumo que torna o corpo no seu dispositivo central. A ninguén se lle escapa que nos atopamos nun mundo onde o culto ao corpo é difícil de esquivar. Os nosos corpos, os nosos sentidos e as nosas emocións son decote produtos de consumo.

As emocións e os corpos están interseccionados por outros sistemas de significación como o «xénero» e o «sexo» que tamén son obxecto dunha atención especial na materia. Ser corpo, e como tal, facer antropoloxía desde o corpo ten unhas implicacións metodolóxicas que se estudan na última parte da materia.

## CONTIDOS

O contido divídese en catro unidades. A primeira dedícase ao corpo como suxeito e obxecto das ciencias sociais. A segunda aborda o corpo como fronteira e marxe, e vincúlao co sexo e os xéneros, presentando as transgresións e as relacións do corpo coas feminidades e as masculinidades. A terceira unidade cingúese aos sentidos e as emocións, mentres que a cuarta se encarga das cuestións metodolóxicas relativas ao traballo de campo vinculado a investigacións sobre o corpo e as emocións.

## Avaliación

A avaliación de todas as materias do grao está normalizada e presenta dúas vías posibles: a avaliación continua (EC) e unha proba de síntese (PS), que é a modalidade aconsellable, ou un exame final (EX).

A avaliación continua consiste na realización de varias PEC (probos de avaliación continua), actividades que o alumnado ha de resolver cada trimestre para cada materia, conforme un calendario de entregas. Canto á avaliación da materia Xénero e Sexualidade, comprende 3 PEC, as dúas primeiras cun valor do 30% da nota final cada unha e a terceira cun valor do 40%. Estas probas están pensadas, en termos de administración, para se cumpriren maioritariamente dentro dunha modalidade de aprendizaxe-ensinanza virtual e, en termos de contido, como banco de probas dos contidos de todas as unidades da materia.

En particular, a primeira proba require procurar as características asociadas ao xénero ou a sexualidade nalgún ámbito dentro do contorno virtual —*chats* e páxinas web para buscar parella, amizade ou relacións esporádicas; axencias matrimoniais ou de contactos, sitios de tendencias sexuais, de información sexual, de modelos relacionais novos etc.—. O propósito é que cada estudante escollo algún destes lugares virtuais e destaque e analice as características en clave de xénero: se se establecen desemellanzas asociadas aos sexos, se hai discursos diferenciados por iso, que tipo de relacións e interaccións aparecen como normativas e cales

como disidentes, cal é a ortodoxia implícita e cal a heterodoxia, se se ten en conta a diversidade de xénero alén do binarismo masculino-feminino e a diversidade sexual alén da «heteronormatividade hexemónica» etc.

A segunda proba exige adentrarse no ámbito das fórmulas ou disidencias sexoafectivas e relacionais novas. O fin é que cada estudante profunde, desde unha perspectiva de xénero, nalgunha das fórmulas ou disidencias sexo-afectivas e relacionais novas —*Living Apart Together*, poliamor, amor libre, anarquía relacional, *sexless*, BTP, GTP, *swinger*, LGTB, BDSM, prostitución, pornografía, *cruising*, AVEN (*Asexual Visibility and Education Network*)—. Deberá elixir unha e procurar a información correspondente para presentar os trazos definitorios e distintivos. Na análise hase de situar a fórmula ou a disidencia nova no marco da normatividade hexemónica sexo-amorosa, reparando na natureza da novidade/transgresión e no significado que ten en relación coas nocións dominantes ou hexemónicas, así como en como son tratadas as cuestións de xénero. De que maneira supón unha rotura ou transformación da normatividade hexemónica e por que?, que sentido ten?, incorpora nocións lexitimadoras provenientes dunha lóxica biolóxico-cultural?, intenta resolver algunha tensión ou contradición do modelo hexemónico propio da modernidade avanzada ou da posmodernidade?, hai algún vínculo coas fórmulas sexo-afectivas ou relacionais do pasado?, contén formas vellas ou novas de sexismo, dominación e opresión de xénero?, reivindica escenarios emancipadores nas relacións de xénero?, entre outras.

Por último, a terceira proba de avaliación continua consiste na realización dunha biografía curta ou un relato de vida que se centre na traxectoria sexual ou de xénero dunha persoa ou informante. Para a análise dese relato hase de tomar como marco de referencia teórico e contextual as lecturas da materia e outras que se consideren axeitadas e relevantes.

Este sistema de avaliación ofrece unha serie de vantaxes para eludir, en boa medida, os nesgos de xénero nas prácticas avaliadoras, que acostuman estar presentes mediante sistemas presuntamente neutros, obxectivos, racionais e universais, como os exames tipo test. Amais de propor

ao alumnado un conxunto de temáticas para traballaren sobre cuestións de xénero desde unha perspectiva de xénero, recálcase a necesidade de prestaren atención á reflexividade que acompaña o seu traballo, no senso de seren conscientes de que forman parte do que estudan e que o que investigan non é alleo a que é ela ou el quen o investiga. Este modelo de avaliación resulta moi adecuado para acadar un espírito crítico cos enfoques hexemónicos de tipo «positivista» e «cientificista», que entenden os fenómenos sociais como obxectos existentes con independencia da investigación.

### **Modalidades organizativas das dinámicas docentes**

A modalidade virtual e semipresencial na que se imparten estas materias establece a participación do alumnado mediante recursos virtuais presentes na aula virtual, ademais dalgunhas sesións presenciais ocasionais para as persoas matriculadas nesta modalidade, que son, como moito, unha terceira parte do total. En cada aula hai dous lugares de libre acceso para todo o alumnado e o profesorado, que ten a función de promover a participación, o debate e o intercambio de ideas. Trátase da zona de debate e a de foro. Cabe dicir que esta forma de participación virtual pode ter a vantaxe dunha maior desinhibición en comparación coa participación presencial na aula, de xeito que pode permitir evitar certos nesgos de xénero á hora de expresar opinións e ideas e chegar suxestións e recursos por parte do alumnado.

Polo xeral, ao primeiro, cada docente ten que propor temas de debate, co fin de que, logo, o alumnado se anime a expor temas e recursos e a facer preguntas do seu interese.

Na avaliación continua, a profesora ou o profesor debe elaborar obrigatoriamente unha devolución razoada para cada estudante que inclúa as limitacións do seu traballo, as posibles melloras, os puntos fortes etc. Neste proceso, cómpre incidir nos nesgos de xénero, quer explícitos, quer sutís que se puideran detectar na planificación e a realización dos traballos en cuestión.

## Métodos docentes

O carácter virtual ou semipresencial da ensinanza do Grao en Antropoloxía e Evolución Humana da URV-UOC entraña unha serie de particularidades e diferenciacións con respecto aos métodos docentes tradicionais. A clase maxistral non é posible neste contexto, alén dunha presada de sesións presenciais para o grupo reducido de estudantes que escollen a modalidade semipresencial. Mesmo nese caso, as clases duran 4 horas, polo que a clase maxistral é, de certo, unha opción irrealizable. A falla desta posibilidade, non só da clase maxistral, senón tamén da acción docente nun marco presencial, na aula, obriga a suplir este baleiro cunha programación coidada que desenvolve na aula virtual a súa máxima expresión.

Na aula virtual o estudantado conta co plan docente da materia estruturado nun cuadrimestre que se basea na execución de varias PEC. Cada unha delas ten unha descrición e un enunciado onde se explica o que debe facer, de que xeito e durante que período de tempo, así como a porcentaxe que ten a nota da actividade para a nota final. Tamén hai un apartado cos contidos e os recursos de aprendizaxe vinculados coa PEC en cuestión, e outro no que aparecen distintas fontes de información, desde lecturas relacionadas coa temática da PEC ata ligazóns a medios audiovisuais ou documentación diversa.

A páxina da materia contén outrosí dous separadores principais, un coa etiqueta Avaliación, que serve para entregar os traballos e recibir a avaliación e a devolución da actividade por parte da ou do docente; e outro que se chama Recursos, onde figuran as fontes de información xerais para a materia: lecturas —non só as referencias, senón os textos completos—, recursos electrónicos, bases de datos, libros electrónicos, acceso á biblioteca etc.

A aula conta tamén con dous espazos destinados á participación de estudantes e profesorado: a aula de debate e o foro. O primeiro é un espazo de acceso libre para que todas as persoas participantes na materia propoñan temas de debate, sobre todo a partir de novas que poidan ser de actualidade ou de temas concretos que aparezan nas lecturas obrigatorias

facilitados para a realización das PEC. No foro, porén, adoita haber preguntas específicas sobre aspectos administrativos da materia e o curso.

Por último, hai un taboleiro ao que cada docente da materia ten acceso para prover o alumnado de información de interese, como o prazo límite dunha actividade, o inicio doutra, **resolver dúbidas etc.**

Con independencia das limitacións ou as virtudes da ensinanza non presencial, é mester sinalar que algúns puntos salientables desta metodoloxía e da dinámica docente que xera ou pode xerar dependerían do nivel de participación que, fomentado e incentivado por parte do profesorado, pode acadar graos bastante elevados, coa peculiaridade de que queda un rexistro escrito das intervencións das súas autoras e do número de participacións, e de que non hai un tempo reducido nin limitado para participar, posto que é posible facelo durante todo o curso, de maneira que se pode ir retroalimentando namentres se imparte a materia. Así mesmo, resulta máis doado e sinxelo detectar os nesgos de xénero na expresión das opinións, ao se tratar dun formato menos efémero ca o da expresión oral.

No curso 2018-2019, por exemplo, na materia de Xénero e Sexualidade, cunha matrícula de 20 persoas, houbo 28 entradas no foro e 16 na aula de debate. Se ben a participación nestes contornos virtuais de debate abofé que non ten a viveza e a espontaneidade que pode acadar nun contorno presencial, o ámbito en liña pode promover, no entanto, unha capacidade reflexiva e comprensiva meirande.

## •• 05. Recursos docentes específicos para incorporar a perspectiva de xénero

A cultura da clase tradicional centrouse, sen dúbida, no profesor, así, en masculino, porque na universidade esta foi a figura, deica hai pouco, que adoitaba e adoita aínda ter unha posición preeminente e dominante, tanto desde o punto de vista espacial —estrado, mesa meirande, visión global da aula etc.— como comunicacional —apropiación e concesión da palabra, iniciación e finalización da clase etc.—. Todo isto reforzaba o rol dominante e activo do profesor e o rol pasivo e subordinado do alumnado, xa que logo, disuadido de participar de múltiples xeitos. Por riba, con frecuencia esta desactivación do alumnado non estaba/está exenta dunha dimensión de xénero, pois constátase un reforzo aínda maior na desmotivación cara a participación das alumnas.

Daquela, impulsar unha aula que a nivel de espazo e de dinámica garanta a participación non xerárquica e en igualdade é un paso previo á introdución de recursos docentes non sexistas e que incorporen a perspectiva de xénero.

Un recurso transversal moi útil no ámbito da antropoloxía para evitar o uso de exemplos con nesgos de xénero é incluír a diversidade sexual e de xénero. Cómpre resaltar como esta diversidade se presenta de forma hexemónica como desviación, e como estas desviacións ou «patoloxías» son —ou foron— norma noutras culturas ou na propia noutroira. Un bo exemplo é o caso dos modelos ideais vinculados ás mulleres desde a chegada da sociedade industrial ata a actualidade na cultura occidental. Alén de modelos híbridos e de transición, que existen, é mester distinguir dous grandes modelos a nivel xeral: o inicial da ama de casa e o que emerxe da man da segunda ola feminista, nos anos 60, da muller traballadora. Hai unha mancha de recursos diversos que poden ilustrar estes dous modelos ideais, desde os carteis publicitarios de todo este período ata o cine. Filmes como *Lejos del cielo* e *Safe* (Todd Haynes, 2002 e 1995), *La búsqueda*

de la felicidad (Dominic Savage, 2017), *Las esposas de Stepford* (Bryan Forbes, 1975), *Una mujer ofuscada* (John Cassavetes, 1974), *Revolutionary Road* (Sam Mendes, 2008) ou *Working Girl* (Mike Nichols, 1988), por dar algúns exemplos de entre os moitos que existen no cine «comercial», poden resultar prácticos para axudar a ilustrar o debate sobre estes modelos ideais.

Así e todo, é preciso procurar e empregar, cando for posible, materiais fílmicos do chamado cine «independente» ou «alternativo», como poden ser neste caso.

*The Lunchbox* (Ritesh Batra, 2013), unha historia que acaece en Bombai, ou, aínda máis, *Kypseli: Women and Men Apart: A Divided Reality* (Paul Aratow, Richard Cowan e Susannah M. Hoffman, 1976). Este afamado estudo etnográfico sobre os roles masculinos e femininos nunha pequena aldea grega mostra como a separación de sexos e o principio de dominio masculino pasaron a formar parte das estruturas máis básicas da aldea, de maneira que afectan as actividades cotiás e os pensamentos de toda a veciñanza. É un filme ao que se recorre en cursos de antropoloxía cultural, etnografía europea e estudos de mulleres e xénero, e que recibiu premios da American Anthropological Association, o Margaret Mead Film Festival e o American Film Festival. Velaquí se presentan algunhas preguntas coas que se pode analizar:

- Cal é o significado do subtítulo e como se visualiza na película?
- Un integrante da tríade que dirixiu a película afirma que todas as culturas europeas/occidentais participan das mesmas premisas canto ás relacións entre mulleres e homes. Após veres o filme, estás de acordo ou en desacordo con esta afirmación?
- Identifica varias maneiras nas que a túa cultura segrega as mulleres dos homes no tempo e no espazo.

Co fin de facilitar a comprensión e de ampliar a utilidade deste exemplo, pódese acompañar o exercicio con algunhas lecturas que demostran, amais da análise minuciosa dos modelos ideais mencionados, matices e achegas como a imprescindible consideración interseccional dos modelos; isto é: amas de casa como modelo ideal burgués fronte a proletarias traba-



lladoras, ou mulleres «non traballadoras» oficialmente ou «amas de casa por decreto», no contexto do primeiro franquismo, cando o traballo das mulleres casadas estaba invisibilizado e non constaba, daquela, nos censos nin nos padróns municipais, malia a existir. Nesta liña, poderían ser un bo complemento, entre outras, as seguintes lecturas do libro *Mujeres y Hombres en la España franquista*, editado por Gloria Nielfa (2003) e publicado polo Instituto de Investigaciones Feministas da Universidad Complutense de Madrid:

- «Esposa y madre a la vez: construcción y negociación del modelo ideal de mujer bajo el (primer) franquismo», Jordi Roca Girona (p. 45-66);
- «Discurso médico y modelos de género: pequeña historia de una vuelta atrás», Marie-Aline Barrachina (p. 67-94);
- «Las revistas para mujeres durante el franquismo: difusión de modelos de comportamiento femenino», María del Carmen Muñoz Ruiz (p. 95-116);
- «Del modelo a la imagen de mujeres y hombres bajo el franquismo», Pilar Domínguez Prats (p. 181-220).

Ao usarmos estes recursos e esta estratexia, conseguimos evitar os exemplos parciais canto ao xénero que reforzan os estereotipos de xénero, neste caso asociados a unha época e a unha clase social determinadas. Os modelos ideais de xénero, que, de certo, habemos de ter en consideración, non son modelos comportamentais de xénero e cómpre facer fincapé e reparar nesta diferenciación.

#### 4.1 Recursos audiovisuais etnográficos-antropolóxicos sobre xénero

##### LGTBIQ

- *Flag Wars* (2003). Documental dun estudo de caso sobre as consecuencias sociais e humanas da xentrificación urbana nos Estados Unidos da actualidade. Rodado durante catro anos en Columbus, Ohio, *Flag Wars* explora os efectos nun barrio negro establecido

desde hai anos ao se trasladaren profesionais brancos gays e comezaren a transformar a zona.

- *XXY* (2000). Documental que ofrece unha mirada íntima das consecuencias emocionais, psicolóxicas e fisiolóxicas a longo prazo de nacer intersexual ou con xenitais ambiguos.
- *You Don't Know Dick* (1997). Documental sobre a identidade de xénero que achega retratos de seis homes que antes eran mulle- res.

### MEN'S STUDIES

- *The Age of Reason* (2004). Quinta e derradeira película da serie *The Doon School Quintet*, do soado cineasta etnográfico David MacDougall, o seu estudo duradeiro sobre o internado para cativos máis prestixioso da India. Nesta película céntrase na vida dun alumno que descobre na escola.
- *Tempus de Baristas* (1997). O documental enfócase en tres cabaleiros das montañas do leste de Sardeña e explora o seu xeito de vida tradicional que está desaparecendo axiña, segundo a agricultura comercial despraza a gandaría e a mocidade marcha ao litoral para aumentar o soldo, atraída polo *glamour* da industria turística.
- *Dance With the Wodaabes* (2012). Este documental etnográfico indaga a significación cultural complexa dunha das celebracións rituais máis espectaculares de África, que adoita ser incomprendida e vítima do sensacionalismo, e faino desde o punto de vista de quen participa nela.
- *Making Maasai Men: Growing Courage Toward Circumcision* (2006). Este destacado documental etnográfico explora os significados complexos da masculinidade na etnia masai, o lugar da circuncisión e os rituais arredor dela para a súa construción cultural.
- *Under the Men's Tree* (1970). Nos campos de gando de Jie, en Uganda, os homes acostuman xuntarse baixo dunha árbore especial para fabricar pezas de coiro e de madeira, leriar, estomballarse

e durmir. Este documental etnográfico, de David e Judith MacDougall, cineastas célebres, captura unha discusión unha tarde so a árbore dos homes.

- *What Keeps Them Going* (2012). Para moitos condutores de camións, a estrada é o seu destino, o seu obxectivo e o seu fogar.

### WOMEN'S STUDIES

- *Anonymously Yours* (2003). Un documental sobre o tráfico sexual de mulleres do sueste asiático que conecta catro historias de mulleres novas para dar a coñecer unha institución que escraviza ata 40 millóns de mulleres en todo o mundo.
- *Between Light and Shadow: Maya Women in Transition* (1997). Este documental examina o impacto sobre a cultura maia contemporánea dos cambios na vida e as expectativas das mulleres maias en Guatemala.
- *Beyond Our Boundaries* (2009). Documental que analiza unha multiplicidade de problemas aos que teñen que enfrontarse estudantes internacionais e de Norteamérica á hora de desenvolver relacións de traballo e de amizade entre si. É fabuloso para iniciar debates sobre os intercambios entre estudantes de distintas nacionalidades e etnias, ademais de ilustrar a reflexión de como os contactos interculturais axudan a rachar cos estereotipos culturais e o etnocentrismo.
- *Body Image: The Quest for Perfection* (2000). Neste vídeo, sete mulleres en idade universitaria comparten como se senten respecto do seu corpo nun retiro de tres días. Meditan sobre algunhas das fontes complexas dos seus sentimentos e examinan imaxes do corpo das mulleres nos medios de comunicación.
- *Daughters of Ixchel: Maya Thread of Change* (1993). Documental que pescuda a vida das mulleres maias no presente, retrata os seus antigos procesos de tecido e debulla as forzas económicas, políticas e culturais que afectan profundamente ás mulleres e o seu tecido.

- *Gender and Relationships: Male-Female Differences in Love and Marriage* (2002). Este vídeo, a miúdo humorístico, algo incómodo, mais sempre profundo, explora as desemeallanzas nos xeitos en que mulleres e homes experimentan unha relación amorosa. Presenta homes e mulleres de diversos contextos culturais e sociais e as súas testemuñas dan conta de como as diferenzas de xénero afectan ao amor, o cortexo, á «parella», ao matrimonio, ás emocións, á comprensión e á sensibilidade.
- *The Human Body: Appearance, Shape and Self-Image* (1998). O vídeo examina, desde unha perspectiva intercultural, a variedade, o significado e a importancia dos corpos que habitamos. Observa doce facetas distintas do corpo humano que teñen influencia nas preferencias, os ideais, as actitudes e as autoimaxes de cadaquén.
- *Indelible Lalita* (2016). Este documental relata a historia salientable dunha muller india, Lalita Bharvani, que perde o pigmento da pel por completo ao migrar de Bombai a Montreal. Con 60 anos e traza de muller branca, Lalita faille fronte á súa identidade cambiante, que pasa tamén pola transformación do seu corpo por mor dun cancro de ovario, un de mama e unha insuficiencia cardíaca. Ao contar a historia de Lalita, a película afonda na intersección de identidades raciais, nacionais, de idade e de xénero no mundo globalizado.
- *Keep Her Under Control: Law's Patriarchy in India* (1998). O documental investiga o papel das mulleres nunha aldea con dominio musulmán en Rajasthan, no norte da India. É moi axeitado para promover o debate e a análise en calquera curso que estude os roles de xénero, o islam ou a India desde unha perspectiva antropolóxica.
- *Marriages in Heaven* (2001). Os matrimonios concertados ou pactados supuxeron un aspecto relevante da cultura tradicional da India desde a antigüidade e aínda son habituais na actualidade. Este documental analiza as formas nas que a globalización e a modernización

afectan á mocidade e mudan as tradicións de matrimonio entre persoas indias que viven ben na India, ben nos Estados Unidos.

- *Madres Unidas: Parents Researching for Change* (2003). Este documental segue a cinco nais migrantes que se implicaron nun esforzo para iniciaren unha escola pequena para as súas criaturas. Tempo despois convertéronse en investigadoras e videógrafas e documentaron a súa viaxe.
- *The Pornography of Everyday Life* (2007). Este ensaio documental inclúe máis de 200 imaxes de publicidade, mitos antigos, arte contemporánea e cultura popular para amosar como a pornografía — definida como dominación, degradación e cousificación sexualizada das mulleres— constitúe unha cosmovisión global xeneralizada.
- *Sexism in Language: Thief of Honor, Shaper of Lies* (1995). Este vídeo examina o nesgo de xénero que imbúe a nosa linguaxe cotiá.
- *Sisters and Daughters Betrayed* (1996). O tráfico de mulleres para a explotación sexual é unha crise global de dimensións cada vez maiores. Millóns de mulleres e cativas foron transportadas de maneira ilegal desde as zonas rurais ás zonas urbanas a través de fronteiras nacionais para a prostitución. O vídeo trata as forzas sociais e económicas que impulsan este lucrativo comercio subterráneo e o impacto devastador que ten na vida das mulleres.
- *Six Billion and Beyond* (1999). Unha introdución marabillosa aos temas interconectados do crecemento da poboación, o desenvolvemento económico, a igualdade de dereitos e oportunidades para as mulleres e a protección ambiental en todo o mundo.
- *A Wife Among Wives* (1982). Este documental etnográfico innovador indaga os puntos de vista da Turkana, nomeadamente das mulleres turkanas, sobre o matrimonio e a poligamia.
- *Womanhood and Circumcision: Three Maasai Women Have Their Say* (2002). Un documental que pescuda o contexto cultural das prácticas de ablación do clítoris entre o pobo masai (hai unha versión ampliada do 2014).

## •• 06. Ensinar a facer investigación sensible ao xénero

A fonda pegada do androcentrismo na ciencia e a consecuente falla dunha perspectiva de xénero incide en todo o proceso da investigación. As seguintes consideracións procuran facernos conscientes destes nesgos e chegar elementos útiles para incorporar a perspectiva de xénero no proceso investigador. Sen dúbida, están dirixidas a calquera tipo de investigación que se faga no contexto docente universitario, mais ben é certo que o TFG e o TFM son oportunidades extraordinarias para incorporar a perspectiva de xénero como un elemento transversal en calquera dos traballos que se leve a cabo neste ámbito: desde a formulación da temática e a concreción da metodoloxía e as técnicas e as fontes que se empregan, ata a recollida de datos e a súa análise, presentación e defensa posterior. Isto implicará, entre outros, que xa se acadou —ou case— un espírito crítico e reflexivo que ha de enchoupar tanto as preguntas de investigación como o seu desenvolvemento integral. É preciso que cada estudante, debidamente titorizado ou titorizado, incorpore, en clave de xénero, a atención epistemolóxica aos procesos históricos de invisibilización, ás estruturas patriarcais de prestixio e xerarquización e aos discursos lexitimadores das diferenzas e as desigualdades, o sexismo e a discriminación.

Alén de imbricar a perspectiva de xénero de maneira transversal no TFG e o TFM, hai que potenciar as propostas de traballos cunha temática central directamente relacionada. As posibilidades son numerosas e o único que hai que ter en consideración, en liñas xerais, é se é realizábel e adecuado, canto á propia temática e á competencia requirida para levalo a cabo. Nese sentido, é fundamental avaliar se o acceso ao escenario e ás persoas obxecto/suxeito de estudo é viable e relativamente doado, dada a duración dun traballo desta natureza e a preparación do alumnado de grao ou de mestrado.

Isto é capital sobre todo nos traballos finais de investigación dos graos e os mestrados de antropoloxía, pois, polo xeral, comprenden unha parte

de investigación teórica e mais unha parte de investigación empírica que se basea, principalmente, na realización dun breve traballo de campo.

Unha premisa que pode ser de utilidade para abordar a investigación en chave de xénero e feminista é a de Diana Maffia (en Garay Hernández, 2017a: 19), que sinala que o feminismo se constrúe sobre tres principios; o descritivo, que ten que ver coa visible sistematicidade da desigualdade social, económica, científica e política que viven as mulleres; o prescritivo, que afirma que esta desigualdade non é xusta; e o práctico, que argumenta a necesidade de asumir unha postura activa na deconstrución desta realidade. A autora apunta que a desigualdade entre homes e mulleres se apoia en tres alicerces: a diferenciación de características consideradas opostas, exclusivas e excluíntes; a sexualización destas características e a xerarquía establecida entre elas.

Máis concretamente, un enfoque etnográfico feminista faría referencia á descrición orientada dentro dun marco teórico feminista no que a experiencia das mulleres e a deconstrución ou o espertar do «feminino» estarían no centro da reflexión que conduce á observación. Destácase, xa que logo, o seu recoñecemento como suxeitos sociais, políticos e históricos; déixanse de considerar só como informantes para as considerar, tamén, como creadoras culturais. A especificidade da etnografía feminista, segundo Castañeda (2012: 222) radicaría nunha oposición firme ao positivismo, ao empirismo elemental da etnografía tradicional, e nunha oposición aos conceptos androcéntricos presentes no núcleo das teorías antropolóxicas clásicas.

Nesa liña, igual de crucial é ter en conta o posicionamento do feminismo crítico, que denuncia a noción de «muller» como suxeito universal construída polo feminismo hexemónico que provocou que, ao logo da historia, se puxera o foco nas problemáticas das mulleres brancas, urbanas e heterosexuais e se invisibilizasen as vivencias das mulleres negras, lesbianas, obreiras, labregas, indíxenas, trans, entre outras, afectadas por outras liñas de discriminación (Garay Hernández, 2017a: 19), como ben evidenciou a perspectiva interseccional.

Dada a pretérita dominación da perspectiva heteronormativa androcéntrica, un bo foco de interese temático sería aquel que se centrase en comprender, explicar, interpretar e desmontar os coñecementos que sustentaron esta perspectiva, o que podería permitir, como manifestou Castañeda (2008: 84), actuar de maneira crítica co fin de erradicar a desigualdade de xénero e democratizar as sociedades contemporáneas.

Ao cabo, un exercicio que pode ser esencial e relevante á hora de formular unha investigación arredor do xénero, sobre todo desde unha perspectiva feminista, é pensar no que se quere problematizar, desnaturalizar, desestabilizar... Como propón Garay Hernández (2017: 22-23), a modo de exemplo, as pescudas pódense empregar como dispositivos de desestabilización do suxeito universal que se constituíu historicamente como branco, heterosexual, burgués, adulto, xudeocristián e europeo-norteamericano e, nese sentido, podémonos decantar por escollermos temas urxentes, temas invisibilizados, temas desprezados etc. Sen esquecer o que suxire Castañeda (2008), porque, ademais de descompor o androcentrismo, o sexismo e a misoxinia, é primordial contribuír a pensar ou elaborar propostas emancipadoras.

A tradición da investigación cualitativa de tipo etnográfico na antropoloxía fai posible tamén a privilexiada elección de unidades de observación micro e a súa articulación con realidades macro. O alumnado de antropoloxía está familiarizado con este tipo de metodoloxía que resulta especialmente acertada para encarar a realización dun TFG ou un TFM. Neste senso, a maioría das investigacións propostas formarán parte, como é lóxico, do que se denominou «coñecemento situado», «perspectivas parciais» ou «localización limitada» (Haraway, 1995).

Así mesmo, acho que é importante activar e fomentar investigacións desta índole de maneira indiscriminada entre o alumnado —facer o contrario sería un paradoxo absoluto—. Nalgunha ocasión formulouse a pregunta, dentro da investigación feminista, de se os homes poden realizar ou participar en investigacións feministas. Nesta pregunta case que agroma a que se formulou hai anos na antropoloxía, verbo de se é pre-



ciso formar parte dun grupo para comprendelo. A respecto diso, Judith Shapiro sinalou hai anos que, de ter que pertencer a un grupo para dalo coñecido, a antropoloxía non sería máis ca unha gran aberración (citada en Moore, 1991: 17). Cómpre lembrar que o xénero non constitúe o único marcador de diferenza que atravesa as nosas experiencias. Isto é; ser muller ou ser home non implica compartir exactamente os mesmos problemas e experiencias ca as persoas suxeitas dunha investigación, xa que as diferenzas de xénero interaccionan coas de clase, etnia, xeración, xeografía, orientación sexual, identidade de xénero, relixión etc. Cousa distinta é que hai contornas e grupos sociais máis ou menos accesibles segundo o xénero da persoa investigadora e que a información obtida dunhas persoas e un contexto determinados ten que ver, en maior ou menor medida, coas identidades das persoas que levan a cabo a investigación, entre as que está, obviamente, a de xénero. No entanto, rara vez este extremo representa un impedimento para afrontar unha busca; soamente é necesario considerar esta variable —como esoutras derivadas das demais identidades en interacción e intersección— á hora avaliar e interpretar os resultados.

Unha boa maneira de lidar con esta traba e, de paso, adquirir unha competencia meirande na investigación antropolóxica, consiste en implementar a reflexividade na investigación, é dicir, a capacidade de quen investiga de situarse, nun certo sentido, fóra do proceso de investigación e reflexionar de forma crítica sobre este proceso (O’Leary, 2004: 11), así como a posicionalidade, definida como o xeito no que as demais persoas posicionan a identidade individual e as afiliacións que cadaquén poida ter (Sanghera e Thapar-Bjorkert, 2008: 553; Alcoff, 1988). Como apuntan Temple e Edwards (2002: 10-11), as investigadoras e os investigadores deben reflexionar sobre as formas nas que, como individuos con identidades sociais e perspectivas particulares, teñen un impacto nas relacións interpersoais do traballo de campo. Ademais, un enfoque reflexivo da investigación permítelles empregar as súas emocións sobre a investigación e quen participa nela como recurso para mellorar a comprensión (Lazar, 2005).

